

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de xuño de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e un de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(707).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(708).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS: “ALLEAMENTO 140 COLECTORES DO SERVIZO DE LIMPEZA”. EXPTE. 4372/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Mesa de Contratación, do 19.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado para o alleamento de 140 unidades de colectores metálicos. (expediente 4372-241), no seguinte orde decrecente:

SAMPER REFEINSA GALICIA, S.L.: propón un prezo de 8.085 euros.

SERVICIOS A CONTENEDORES CONTEB, S.L.: propón un prezo de 4.200 euros.

SEGUNDO.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar SAMPER REFEINSA GALICIA, S.L para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

TERCEIRO.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

3(709).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DA EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS PARA O ANO 2013. (LOTE 1 E LOTE 11).EXPTE. 2178/306.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta que fai o secretario da Mesa de Contratación en data 20.06.13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar os postos de temporada nos areais do Concello de Vigo, de acordo coa seguinte distribución:

- Lote 1 (Quiosco areal da Guía) a Senén Robles Pérez, por importe de 950 €.
- Lote 11 (Quiosco areal da ETEA) a Senén Robles Pérez, por un importe de 1.607 €

Segundo.- De acordo co disposto na cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas, o canon terá que se aboar no prazo dos cinco días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e a cantidade final a ingresar polos adxudicatarios será a parte proporcional que resulte dos días que medien entre a data de adxudicación e o 30-09-2013.

4(710)- ACLARACIÓN DAS FÓRMULAS DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN O ANTIGO CHALET MIRAMBELL, COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISISTANTES DA VILA ROMANA DE TORALLA: EXPTE. 9178/306.

Dáse conta do informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 20.06.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 31-05-2013 aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e as Follas de Especificacións do Contrato para a contratación do proxecto REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA, redactadas e asinadas polo Xefe da oficina administrativa de Contratación o 23/04/2013 e que rexirán no contrato de obras para abriuse o procedemento licitatorio para a selección do contratista por procedemento aberto.

O proceso de licitación abriuse mediante a publicación dos preceptivos anuncios de licitación no Perfil de Contratante o día 04-06-2013, no Diario Oficial de Galicia o día 10-06-2013 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 10-06-2013.

Como en tódolos procedementos de licitación os interesados formulan a maior parte das veces consultas sobre o contido dos pregos ou proxectos que rexen os procedementos de contratación. No caso que nos ocupa hai tres cuestións que polo seu interese entendemos que deberán ser publicadas no perfil do contratista como información adicional para coñecemento xeral:

1ª Respecto do criterio adxudicación nº 3.- Compromiso de mantemento do inmovible: Ata (VINTECATRO) 24 puntos no prego de cláusulas administrativas particulares ven definido da forma seguinte

Servizo de mantemento do edificio.

Para a puntuación deste servizo tomarase como referencia a relación de labores de mantemento sinaladas como Anexo I, asinado polos arquitectos municipais.

$$P_m = 24 \times T_{mo} / T_{mmed}$$

P_m : Puntuación servizo de mantemento do edificio

T_{mo} : Tempo de servizo de mantemento do edificio da oferta a puntuar

T_{mmax} : Tempo medio ofertado de servizo de mantemento do edificio

O TEMPO DE SERVIZO DE MANTEMENTO OFERTADO NON PODERÁ SUPERAR O PRAZO DE GARANTÍA

Como se pode observar o componente da fórmula T_{mmed} figura como nome T_{mmax} na definición dese concepto sen embargo esta definición si coincide coa descrición do componente T_{mmed} , polo que se entende que no denominador desta fórmula se valorará o Tempo medio ofertado de servizo de mantemento do edificio.

2ª.- Respecto deste mesmo criterio se nos consulta cal sería a puntuación outorgada para este criterio se por aplicación da fórmula prevista algunha das propostas obtivese máis puntos dos 24 puntos previstos (esto é posible para todas as ofertas que sexan superiores o tempo medio ofertado do servizo de mantemento), a resposta que damos aos licitadores é que obtería os 24 puntos que como máximo se teñen previsto outorgar para este criterio.

3ª No criterio de adxudicación nº 5 Plan de control de calidade figuran as seguintes fórmulas :

a) Para licitación con 5 ofertas ou menos admitidas:

$$P_c = 10 \times (C_i / C_M)^{1/n} \times C_i$$

b) Para licitación con máis de 5 ofertas admitidas:

$$P_c = 10 \times (C_i / C_M)^{1/2} \quad \text{e} \quad C_i$$

A formula para aplicación da puntuación non plantea ningún problema o que si o caracter que se utiliza (cuadrado) corresponde ao símbolo \square (para todo). Neste caso o símbolo unicamente ofrece unha maior concreción para a aplicación da formula pero non modifica o resultado.

A vista das anteriores circunstancias, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Publicar no perfil do contratista as aclaracións contidas na parte expositiva deste informe ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e as Follas de Especificacións do Contrato que rexen po procedemento aberto para a contratación do proxecto de REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.